

**Resolución da Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se acorda darlles publicidade ás bases para a presentación de ofertas de adquisición de obras de arte contemporánea para formar parte da Colección CGAC na sección CGAC – Xacobeo, e se anuncia a apertura do prazo de presentación.**

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de fomento da cultura e da creación e difusión cultural en Galicia, competencias que ten asignadas en virtude do establecido no artigo 27.19 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia e que se concretan, entre outras, no fomento e promoción da cultura, a contribución ao desenvolvemento do libro, a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, a imaxe e o son e as artes líricas e coreográficas.

De acordo no artigo 3.1 a) do Decreto 308/1989, do 28 de decembro de creación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), actualizado polo Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, o CGAC, adscrito a Dirección Xeral de Políticas Culturais, é un centro de arte entre cuxos fins se atopan a realización de mostras de carácter temporal, así como outras actividades encamiñadas á investigación e divulgación da arte contemporánea entre a poboación galega e o perfeccionamento da sensibilidade estética de Galicia.

Polo tanto é un centro artístico-técnico para a promoción da creación artística e ten entre as súas funcións promover o coñecemento e o acceso do público en xeral á arte contemporánea nas súas diversas manifestacións e favorecer a comunicación social das artes plásticas.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde clasificou como pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola covid-19. Neste marco de actuación, e adiantándose á regulación estatal, a Administración pública galega ditou normas de acción para protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.

Posteriormente, publicouse o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo de 2020), modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que supuxo, entre outras accións, a suspensión da actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza; o peche dos establecementos dedicados a museos, arquivos, bibliotecas, espectáculos públicos e outros usos e todas as instalacións culturais nas que se prestan servizos artísticos, como teatros, auditorios, salas de congresos, exposicións e conferencias, e tamén todos os espazos dedicados ao lecer, como cines, salas de concertos, pavillóns e instalacións deportivas etc., e suspendéronse as celebracións festivas.

Este contexto de limitacións e restricións que afectan todos os ámbitos agrávase cando simultaneamente cómpre ofrecer solución para outras situacións, tamén urxentes, no ámbito económico dos diferentes colectivos que conforman o tecido cultural e que inclúe diferentes empresas, entidades e profesionais relacionados coa cultura e as artes e concretamente coa arte contemporánea.



Co obxectivo de reactivar e impulsar o tecido cultural representado por empresas, cooperativas, entidades ou institucións privadas de carácter cultural e sen ánimo de lucro que contan con empregados nas súas estruturas organizativas e dos profesionais autónomos do sector cultural, a Consellería de Cultura e Turismo, puxo en marcha o Plan de reactivación nos sectores cultural e turístico fronte aos efectos da crise sanitaria provocada pola covid-19, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 30 de abril de 2020.

Unha das principais medidas deste plan prevé a adquisición pública de obra de arte de artistas galegos e establece que apoiar as artes plásticas e a actividade dos nosos creadores será unha prioridade tamén dentro do Xacobeo 2021. Con esta medida preténdese dar un reforzo da cultura como un sector estratéxico no que a creación contemporánea potencia o Xacobeo como eixo de transformación e innovación de Galicia, ao longo do tempo. A través das adquisicións prodúcese ademais un enriquecemento do patrimonio público en forma de colección que funciona como un documento da creatividade galega ao redor das celebracións do Xacobeo.

Estas adquisicións de obra teñen o obxectivo e a función de axudar de maneira transversal ao sector das artes visuais, tanto a creadores e a artistas como a galerías de arte contemporánea que se viron afectados coa suspensión de actividades motivada polo estado de alarma. As adquisicións constitúen o mellor remedio nunha situación de crise e de peche forzoso tanto das galerías como dos centros de arte e a paralización das súas programacións e producións.

A Colección CGAC é a única colección pública galega de arte contemporánea de alcance internacional. Estas adquisicións conformarán a Colección CGAC – Xacobeo, que se inserirá como unha sección específica dentro do conxunto de coleccións depositadas no CGAC (Colección CGAC, Colección Xunta de Galicia, Colección Carlos Areán, Colección Nelson Zumel). Deste xeito fortalécese o vínculo entre o CGAC e o Xacobeo, poñendo o foco sobre a arte galega cunha continuidade no tempo que a proxecta cara a futuros anos santos.

Estas adquisicións cun carácter extraordinario ofrecen á colección do CGAC a posibilidade de reforzarse e completarse nun ámbito de actualidade, integrando artistas galegos que ou ben están ausentes ou non suficientemente representados. A variedade e diversidade da arte galega contemporánea é unha parte esencial da colección, un eixo central que contextualiza as liñas internacionais ou españolas que se adquiren moi a miúdo a través de exposicións ou proxectos de produción. Para que unha colección teña un sentido discursivo, pedagóxico e histórico é necesario, ou en todo caso desexable, que cada un dos artistas máis relevantes poida estar representado por máis dunha obra, eventualmente por un conxunto representativo de obras no mellor dos casos.

Por tal motivo, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais e en desenvolvemento dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato recollidos no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considera conveniente dar a coñecer o seu interese na adquisición de obra de arte de artistas galegos para formar parte da Colección CGAC na sección CGAC-Xacobeo e as súas características para que todas as persoas interesadas poidan presentar os seus proxectos e, así mesmo, para que esta consellería dispoña de información suficiente para analizar cales son os máis axeitados para o cumprimento dos seus fins e, posibilitar, de ser o caso, á



súa contratación a través dos mecanismos legalmente previstos e de acordo cos principios anteriormente indicados.

Por todo o exposto e de conformidade coas atribucións que teño conferidas aprobo as seguintes bases e procedo a súa comunicación pública.

### *Artigo 1. Convocatoria e finalidade.*

En cumprimento do obxectivo de reactivar e impulsar o tecido cultural e dentro das medidas de apoio as artes plásticas previstas no Plan de reactivación nos sectores cultural e turístico fronte aos efectos da crise sanitaria provocada pola covid-19, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 30 de abril de 2020, a finalidade desta convocatoria aberta é a adquisición de obras de arte contemporánea de autores/as galegos que pasarán a formar parte da Colección CGAC dentro da sección CGAC - Xacobeo.

### *Artigo 2. Obxectivos.*

1. Proporcionarlle apoio ao sector das artes visuais, concretamente aos autores/as galegos de obras de arte e a galerías de arte da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a adquisición de obras de arte.

As obras seleccionadas, unha vez adquiridas, pasarán a integrar a colección de arte contemporánea do Centro Galego de Arte Contemporánea de Galicia (CGAC) da Xunta de Galicia, incrementando así os fondos artísticos públicos.

2. Conseguir unha oferta ampla, diversificada e atractiva de obras de arte contemporánea que poidan completar e dialogar coa colección do CGAC.

### *Artigo 3. Natureza xurídica e información sobre o procedemento.*

1. Esta convocatoria ten a natureza xurídica de “acto de publicidade” non preceptivo polo que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, dá a coñecer voluntariamente o seu interese pola adquisición de obras de arte contemporánea de autores/as galegos e anuncia a apertura dun prazo para que as persoas destinatarias poidan presentar as súas propostas de adquisición en desenvolvemento dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato entre participantes, segundo o previsto no artigo 1 da Lei 9/2007, de 8 de novembro, de contratos do sector público, coa finalidade de que a Consellería de Cultura e Turismo dispoña de información suficiente e para realizar, de ser o caso, a contratación necesaria.

2. Na web do CGAC figurarán as bases deste procedemento, o anexo I e calquera outra información relevante para a selección das obras de arte. Nas webs institucionais da Consellería de Cultura e Turismo e doutras entidades instrumentais dependentes dela poderá estar á disposición das persoas interesadas unha ligazón de acceso á web do CGAC con información sobre o referido procedemento.



*Artigo 4. Participantes e requisitos de participación.*

1. Poderá presentar propostas para a adquisición de obras de arte contemporánea calquera galería de arte da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio fiscal en Galicia, que teña plena capacidade de obrar, que non estea incurso nalguna prohibición de contratar e que acredite que a súa actividade profesional ou obxecto social é o comercio de obras de arte.
2. Tamén poderán presentar propostas os autores/as galegos de obras de arte ou residentes en Galicia non representados por unha galería galega con domicilio fiscal en Galicia, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incurso nalguna prohibición de contratar e que acrediten a súa actividade profesional.
3. A condición de autor/a virá determinada de conformidade co disposto no artigo 5 do Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, tendo en conta o que determina o artigo 10 da dita norma no relativo ao obxecto da propiedade intelectual.

*Artigo 5. Condicións xerais e características das ofertas de adquisicións.*

1. A participación nesta convocatoria supón a aceptación incondicional destas bases que teñen carácter administrativo. Os seus efectos réxense polo establecido no seu articulado e, no seu defecto, pola normativa xeral que lles sexa de aplicación.
2. A Consellería de Cultura e Turismo reserva para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes da obra polos medios e formas de comunicación que considere convenientes durante todo o tempo que estime necesario, e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que as persoas participantes prestaron o seu consentimento ao presentaren as ofertas.

As creacións artísticas das ofertas de adquisición serán obras orixinais en calquera técnica ou soporte, pintura, escultura, debuxo, cerámica, fotografía, vídeo ou film, instalación, ou calquera modalidade de técnicas mixtas que podan engadir pezas de mobiliario, luces, iluminación, obxectos ou calquera outro elemento. As propostas ofertadas poden engadir un conxunto de pezas ou unha serie, sempre que se xustifique e acredite a súa coherencia.

Quedarían excluídas as edicións ou carpetas de obra gráfica. Acéptase a existencia de edición en fotografía, cine ou vídeo.

As fotografías, debuxos ou obra sobre papel deberá estar enmarcada, montada sobre soporte ríxido o en calquera caso presentada tal e como debería expoñerse.

As galerías presentarán unicamente obra de aqueles artistas aos que actualmente representan e que programen e presenten regularmente en feiras.

No se establecen límites en canto a temas ou argumentos das obras, razóns técnicas ou formais, nin límite temporal de realización das pezas.



*Artigo 6. Presentación das solicitudes de participación.*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo que figura como anexo I a esta resolución e que se poderá descargar da páxina web do CGAC na seguinte ligazón <http://cgac.xunta.gal/>.

A solicitude formalizará a persoa representante no caso de entidades xurídicas ou a persoa física participante, identificando os datos da persoa ou entidade solicitante e incluírán os datos da empresa ou persoa física solicitante, os datos da obra de arte ofertada e o orzamento.

Se o participante é unha persoa física (artista) presentará unha solicitude cun máximo de dúas propostas de adquisición. No caso das galerías de arte, presentarán unha solicitude cun máximo de seis propostas de adquisición.

Así mesmo, haberá que anexar a documentación complementaria requirida por esta disposición.

2. A documentación indicada presentarase exclusivamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Para iso, utilizarase o procedemento xenérico PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>.

Unha vez que a persoa interesada acceda á anterior ligazón, premerá no botón “tramitar en liña” e, a continuación, a plataforma electrónica requiriralle que se identifique electronicamente.

Tanto para a identificación como para a posterior sinatura e envío da documentación será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 para o caso das persoas físicas (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Se a persoa interesada actúa como representante dunha persoa xurídica e non dispón de certificado dixital de representación, poderá utilizar o seu certificado dixital de persoa física, DNI ou Chave365, mais deberá achegar a copia da escritura pública ou o documento de constitución da empresa (estatutos ou acta fundacional) dos que se deduza a dita representación ou o poder notarial correspondente, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil, cando este requisito for esixible conforme a lexislación que lle fose aplicable ou no rexistro que corresponda.

Excepcionalmente, no caso en que unha persoa física actúe en representación doutra, deberá anexar unha autorización formal e expresa da persoa que autoriza xunto cunha copia do DNI desta polas dúas caras.

4. Unha vez que a persoa interesada se identifique, abrirase un modelo de instancia xenérico que deberá cubrir. No pé desta instancia seleccionará como órgano destinatario a Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Políticas Culturais, Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende mediante a presentación electrónica. Para todos os efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.



*Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días, que empezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do CGAC.

*Artigo 8. Contía máxima das obras de arte e orzamento da convocatoria.*

1. Cada unha das propostas de adquisición que se presenten polos participantes terá unha contía máxima de 14.000,00 €, impostos excluídos. Nesta contía si estarán incluídos os custos derivados do transporte e entrega da obra no CGAC. Este prezo non será obxecto de negociación e deberase manter durante todo ano 2020.

2. A Consellería de Cultura e Turismo a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, asignará un crédito inicial de 200.000,00 € para a adquisición de obras de arte con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B 628.3 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

No obstante, de existir remanente orzamentario, poderase ampliar o devandito crédito realizándose unha nova proposta de adquisición pola contía do crédito complementario.

*Artigo 9. Documentación técnica e complementaria necesaria.*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Información referida ás propostas, que deberá ser presentada nun único documento en formato PDF cun máximo de 10 MB, de acordo co seguinte esquema:

- Ficha técnica de cada obra ofertada (título, medida, técnica, edición, elementos que a integran etc.).
- Imaxes da peza ou, no seu caso, unha ligazón para poder visionala.
- Texto explicativo que permita contextualizar a obra presentada.
- Currículo e breve informe da traxectoria do/a artista.
- Calquera outra información que poida axudar a unha correcta valoración da obra.

b) No caso das entidades xurídicas, documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante.

c) Certificación do domicilio fiscal do solicitante.

d) Se o/a artista non é galego, certificado de residencia na Comunidade Autónoma Galega.

d) Xustificante de alta na actividade económica correspondente ao comercio de obras de arte ou documentación acreditativa desta actividade profesional.

e) Documento acreditativo da propiedade da obra de arte ou autorización do/a artista representado/a.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para todos os efectos, considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que os documentos que cómpre presentar de forma electrónica superen os tamaños máximos establecidos ou teñan un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada. A información actualizada sobre os tamaños máximos e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### *Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles as persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadán da persoa interesada.

#### *Artigo 11. Comprobación de datos.*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade xurídica.
- c) Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os correspondentes documentos acreditativos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.





*Artigo 12. Comisión de Valoración e criterios de selección.*

1. Para a valoración das propostas constituirase unha comisión de análise integrada por un máximo de 7 membros e designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais. A composición desta comisión publicárase na páxina web do CGAC (<http://cgac.xunta.gal/>) nun prazo máximo de 10 días desde a finalización do prazo de presentación de ofertas.

2. A comisión acreditará o interese e calidade de cada proposta presentada en relación coa Colección CGAC e a sección Colección CGAC - Xacobeo, tendo en conta os criterios de valoración que se especifican a seguir:

2.1 Interese e importancia da proposta realizada en relación co conxunto de obras así como a pertinencia dentro da colección.

2.2. Relevancia do/a artista, significación no panorama actual ou importancia nos últimos anos ou decenios, traxectoria profesional, prestixio e fortuna crítica, exposicións e obra en coleccións. En caso de artistas máis novos con menor percorrido atenderase aos aspectos innovadores da obra, a solidez da formación a través de bolsas, premios e estancias de traballo ou produción.

2.3. Valores de actualidade ou de innovación técnica ou tratamento formal.

2.4. Valorase o grao de adecuación do orzamento presentado tendo en conta os prezos de mercado. A ausencia total de adecuación da oferta aos prezos de mercado motivará a súa desestimación ou rexeitamento.

3. Rexeitaranse aquelas propostas que presenten unha documentación descritiva que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración ou cuxos contidos non se axusten ás bases desta convocatoria.

4. A comisión emitirá un informe de valoración motivado respecto das propostas presentadas, no que constarán por orde de prelación. Este informe xustificará, se procede, a idoneidade do obxecto dos posteriores contratos de adquisición e a súa aptitude para satisfacer as necesidades da Administración contratante.

5. A tal fin, de acordo coa relación priorizada, elevarase unha proposta de adquisición de obras de arte ao Conselleiro de Cultura e Turismo.

6. No obstante o anterior, a comisión poderá propoñer que se declare a convocatoria deserta.

*Artigo 13. Publicación de obras seleccionadas.*

1. As obras seleccionadas para a súa inclusión nun expediente de contratación, se é o caso, publicaranse mediante unha resolución do Conselleiro de Cultura e Turismo na web <https://cgac.xunta.gal>.

2. A publicación das obras seleccionadas non xerará dereitos económicos en favor das persoas ou entidades interesadas ata que se realice a adxudicación administrativa e, de ser o caso, o contrato correspondente, de acordo coa normativa contractual que resulte de aplicación.





*Artigo 14. Trámites dos expedientes contractuais para a adquisición das obras de arte e notificacións.*

1. A adquisición de obras de arte para formar parte da colección CGAC, na sección CGAC - Xacobeo, realizarase dentro do ano natural de 2020, con cargo aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia asignados a Consellería de Cultura e Turismo no mesmo exercicio económico, unha vez recibidos os informes preceptivos previos e tramitados os expedientes contractuais correspondentes de acordo con previsto na Lei 9/2017 de contratos do sector público.
2. A resolución de adxudicación do contrato de adquisición notificaráselles ás persoas interesadas.
3. As notificacións practícaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*Artigo 15. Recursos.*

Esta convocatoria esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Políticas Culturais, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas ou ben interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

*Artigo 16. Información básica sobre protección de datos persoais.*

Os datos persoais obtidos nesta convocatoria serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión desta convocatoria e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderanse fundamentar no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no dito formulario.





Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade esixido do procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Políticas Culturais

